| L                                 | M  | M  | X  | V  | S  | D  | L        | M  | M  | X  | V  | S  | D  | L        | M  | M  | X  | V  | S  | D  |   |
|                                   |    |    |    | 1  | 2  | 3  |          |    |    |    |    |    | 1  |          |    |    | 1  | 2  | 3  | 4  | 5 |
| 4                                 | 5  | 6  | 7  | 8  | 9  | 10 | 2        | 3  | 4  | 5  | 6  | 7  | 8  | 6        | 7  | 8  | 9  | 10 | 11 | 12 |   |
| 11                                | 12 | 13 | 14 | 15 | 16 | 17 | 9        | 10 | 11 | 12 | 13 | 14 | 15 | 13       | 14 | 15 | 16 | 17 | 18 | 19 |   |
| 18                                | 19 | 20 | 21 | 22 | 23 | 24 | 16       | 17 | 18 | 19 | 20 | 21 | 22 | 20       | 21 | 22 | 23 | 24 | 25 | 26 |   |
| 25                                | 26 | 27 | 28 | 29 | 30 |    | 23       | 24 | 25 | 26 | 27 | 28 | 29 | 27       | 28 | 29 | 30 |    |    |    |   |
|                                   |    |    |    |    |    |    | 30       | 31 |    |    |    |    |    |          |    |    |    |    |    |    |   |

**Actividades Lectivas:**

Do 15 de setembro de 2021 ata o 22 de xuño de 2022, ambos os dous inclusive.

**Nadal:** Do 22 de decembro de 2021 ata o 7 de xaneiro de 2022, ambos inclusive.

**Entroido:** 28 de febreiro, 1 e 2 de marzo.

**Semana Santa:** Do 11 ata o 18 de abril, ambos inclusive.

**Festivos locais:** 1 de marzo. **Día do Ensino:** 11 de outubro.

**Días de elección polo centro:** 7 de decembro e 16 de maio.

**Avaliacións:**

| Av. inicial         | 1ª aval.                | 2ª aval.             | 3ª aval.         | Av. ordinaria |
|---------------------|-------------------------|----------------------|------------------|---------------|
| 4, 6 e 7 de outubro | 15, 16 e 20 de decembro | 14, 16 e 17 de marzo | 6, 8 e 9 de xuño | 23 xuño       |

**Probos pendentes:**

| Parcial 1            | Parcial 2            | Final maio      |
|----------------------|----------------------|-----------------|
| 22 ao 25 de novembro | 14 ao 17 de febreiro | 9 ao 12 de maio |

## 5. PLANIFICACIÓN DAS REUNIÓNS

### 5.1. CONSELLO ESCOLAR

- Comezo de curso - Setembro-

1. Informe do equipo directivo.
2. Análise dos resultados académicos curso anterior 2020-21.
3. Análise da situación derivadas da aplicación dos Protocolos COVID.
4. Organización xeral para o curso actual 2021-22: Grupos, departamentos e equipos, calendario....
5. Aprobación do día non lectivo a escoller polo centro.
6. Informe dos **Obxectivos do Plan Anual**.
7. Aprobación da **organización dos servizos complementarios**: transporte escolar.
8. Participación na convocatoria da DXCRH pola que se incentivan os **clubs de lectura**.
9. Posibilidade da cesión do uso do pavillón polideportivo por asociacións e clubs.

-Outubro-

1. Informe do equipo directivo.
2. Aprobación do **programa de actividades complementarias e extraescolares**.
3. Aprobación do **programa de actividades para a dinamización da lingua galega**.

-Decembro-

1. **Constitución do CE**.
2. Designación dos membros para os postos vacantes nas comisións económica, de biblioteca de convivencia.
3. Designación do/a responsable de impulsar medidas educativas que fomenten a igualdade real e efectiva entre homes e mulleres (Art. 126.2 da LOMCE)

-Xaneiro-

1. Informe do equipo directivo: Informe de convivencia 1º trimestre. Informe do desenvolvemento de actividades 1º trimestre.
2. Valoración dos resultados académicos da 1ª avaliación.
3. Presentación de **proxecto de fomento do uso do galego**.
4. Presentación e aprobación das **contas** do exercicio 2021.

-Marzo-

1. Informe das propostas de actualización e presentación de emendas ao PEC.

-Abril-

1. Informe do equipo directivo. Informe de convivencia 2º trimestre. Informe do desenvolvemento de actividades 2º trimestre.
2. Valoración dos resultados da 2ª avaliación.

3. Presentación do **orçamento** para o exercicio 2022.
4. Presentación das propostas de actualización de diversos documentos do centro.  
-Maio- extraordinario (antes do 16 de maio)-
  1. Valoración da proxecto e proposta de continuación co **plan de mellora da biblioteca escolar**.
  2. Consideración da participación no proxecto EDIXGAL-Xuño – extraordinario (antes do 10 de xuño)-
  1. Aprobación da memoria e da xustificación do gasto de **plan de mellora da biblioteca escolar**.
  2. Presentación de achegas e emendas ás propostas de actualización de diversos documentos do centro.-Final de curso - Xuño-
  1. Informe do equipo directivo. Informe de obras e reparacións. Previsións de grupos e profesorado para o vindeiro curso. Resultados da avaliación interna.
  2. Aprobación das propostas de actualización de diversos documentos do centro.
  3. Análise e valoración dos resultados académicos da avaliación ordinaria.
  4. Análise do funcionamento xeral do centro.
    - a. Cumprimento dos obxectivos do plan anual.
    - b. Avaliación do desenvolvemento do programa de actividades complementarias e extraescolares.
    - c. Execución do orzamento.
  5. Aprobación do horario xeral do centro para o curso 2022-23.
  6. Aprobación da xustificación do gasto do **club de lectura**. (antes do 10 de xullo)
  7. Aprobación da memoria e xustificación do gasto do **Proxecto de fomento do uso do galego** (antes do 30-xuño) .
  8. Aprobación do uso do pavillón e pistas por parte de asociacións e institucións ou organismos alleos ao centro.

## 5.2. CLAUSTRO DE PROFESORES

- Comezo de curso - Setembro-
1. Informe da Dirección. Novidades lexislativas.
  2. Evolución do rendemento escolar: Análise e valoración dos resultados académicos da avaliación extraordinaria e globais do curso 2020-21.
  3. Aprobacións das propostas para a actualización do Proxecto Educativo.
  4. Aprobación da planificación xeral do curso 2021-22.
    - a. Proposta da CCP sobre calendario do curso, datas de avaliacións e días non lectivos.
    - b. Proposta de grupos, optativas, desdobres, agrupamentos e materias pendentes.
    - c. Asignación de aulas.
    - d. Establecementos de obxectivos para o plan anual.
  5. Criterios pedagóxicos para a elaboración do horario do alumnado.



6. Fixar criterios referentes para a orientación e tutoría.
7. Criterios referentes para a avaliación do alumnado e procedementos para as recuperacións.
8. Previsión de profesorado e carga horaria dos departamentos. Normas para a elección de grupos e materias.

- Setembro -

1. Informe da Dirección. Benvida ao novo profesorado.
2. Aprobación da concreción curricular.
3. Informe e aprobación da organización xeral do curso.
  - a. Grupos, desdobres e asignación de aulas.
  - b. Profesorado: Xefaturas e coordinacións, tutorías, dinamizacións.
  - c. Aprobación da proposta da C.C.P. de integrantes do dpto. de Orientación, do E.D.L.G., do equipo responsable da aula de convivencia.
4. Instrucións de comezo de curso: gardas, xefaturas, tutorías, puntualidade, permisos e xustificación, dispoñibilidade... espazo abalar, listas de correo... organización das aulas, apercebimentos e normas convivencia,....
5. Instrucións para a avaliación inicial.
6. Entrega de horarios.

- Outubro -

1. Informe do equipo directivo. Certificacións de tutorías, asinado de horarios persoais, subscricións ao espazo abalar, datas de exames de pendentos, convocatoria de eleccións ao consello escolar, ...
2. Instrucións para o desenvolvemento dun simulacro de aplicación do Plan de Autoprotección.-
3. Aprobación do **Plan anual de uso das TIC.**
4. Aprobación do **Plan anual de lectura e Programa de biblioteca.**
5. Aprobación do **Plan anual de atención á diversidade.**
6. Aprobación do **Programa de orientación e tutoría.**
7. Aprobación do **Programa de actividades complementarias e extraescolares.**
8. Aprobación do **Programa de actividades de fomento da lingua galega.**
9. Aprobación da participación en **proxectos de innovación e programas de formación do profesorado.**

- Novembro - Reunións extraordinarias -

1. Informe sobre as eleccións ao C.E. e fixación da data de votación.
1. Elección de representantes do profesorado no C.E.
1. Valoración do Plan de acollida.
2. Valoración das medidas do protocolo COVID.

- Xaneiro -

1. Informe do equipo directivo: Informe de convivencia 1º trimestre. Informe do desenvolvemento de actividades 1º trimestre.

2. Análise e valoración dos resultados da 1ª avaliación.

-Marzo- Reunión extraordinaria-

1. Presentación de emendas aos borrador es de actualización de diversos documentos do centro.

-Abril-

1. Informe do equipo directivo. Informe de convivencia 2º trimestre. Informe do desenvolvemento de actividades 2º trimestre.

2. Análise e valoración dos resultados da 2ª avaliación.

3. Aprobación do calendario de final do curso, actuacións en xuño.

4. Presentación de achegas e emendas ás propostas de actualización de diversos documentos do centro

-Maio-

1. Informe do equipo directivo: Procedemento para a proposta de alumnado para a súa incorporación a grupos específicos, FPB ou programas de mellora do aprendizaxe e o rendemento en 2º e PDC en 3º cursos,...

2. Aprobación da relación de **libros de texto** e doutro material curricular para o próximo curso.

3. Aprobación da remisión ao consello escolar das propostas de actualización de diversos documentos do centro.

4. Aprobación da continuación co **plan de mellora da biblioteca escolar** no 2021-22.

5. Consideración da incorporación do centro ao **Proxecto EDIXGAL** no vindeiro curso.

-Final de curso - Xuño-

1. Informe do equipo directivo. Previsións para o seguinte curso.

2. Análise e valoración dos resultados académicos da avaliación ordinaria.

3. Análise e valoración do funcionamento xeral do centro e, aprobación se procede, das propostas para a mellora do mesmo.

4. Aprobación do calendario de actuacións para o mes de setembro.

5. Aprobación da solicitude de incorporación do centro a programas institucionais de mellora.

### 5.3. COMISIÓN DE COORDINACIÓN PEDAGÓXICA

-Comezo de curso - Setembro-

1. Informe da Dirección.

a. Novos integrantes e constitución da C.C.P., designación de secretario.

b. Anexos ás memorias didáctica e histórico de resultados.

2. Evolución do rendemento escolar: Análise e valoración dos resultados académicos da avaliación extraordinaria e globais do curso 2020-21.

3. Previsións e propostas de planificación xeral do curso:

a. Calendario do curso, datas de avaliacións e días non lectivos.

b. Grupos, optativas, asignación de aulas.

- c. Atención á diversidade: ACS, apoios, PMAR, agrupamentos, desdobres e materias pendentes.
  - d. Profesorado e asignación horaria aos departamentos
4. Propostas para a elaboración da Concreción curricular e da PXA 2021-22.
- a. Directrices para a elaboración das programacións didácticas e modelo xenérico para os resumos informativos para o taboleiro e páx. Web e addenda plan de continxencia.
  - b. Criterios para a concreción anual do plan TIC.
  - c. Criterios para a elaboración do plan anual de lectura.
  - d. Directrices para a elaboración do programa de orientación e do PAT.
  - e. Criterios para a concreción do programa de activ. complementarias e extraescolares.
  - f. Criterios para a concreción do programa de actividades para o fomento da lingua galega.

- Setembro -

1. Informe do equipo directivo: Nomeamentos de xefaturas e titorías, titorías do Prácticum do mestrado. Proposta de Obxectivos do plan anual.
2. Organización xeral do curso:
  - a. Grupos, materias e asignación de aulas.
  - b. Atención á diversidade: apoios, desdobres, agrupamentos e materias pendentes.
  - c. Profesorado: Xefaturas e coordinacións varias, titorías, dinamizacións específicas e proposta de integrantes dos departamentos de orientación e dos equipos de dinamización da lingua galega e de biblioteca.
  - d. Proposta de programacións didácticas, resumo e publicidade.
3. Outras instrucións de inicio de curso:
  - a. Acollida de alumnado e familias.
  - b. Aplicación dos protocolos COVID.
  - c. Avaliación inicial.
  - d. Proposta de actividades complementarias e extraescolares.

- Outubro -

1. Informe do equipo directivo: Prazos ACS, datas de exames de pendentes, vacantes CXT...
2. Análise e aprobación da remisión ao claustro das propostas de:
  - a. Plan anual de uso das TIC.
  - b. Plan anual de lectura e liñas prioritarias de actuación da biblioteca escolar.
  - c. Plan de atención á diversidade.
  - d. Programa de orientación e Plan de acción tutorial.
  - e. Programa de actividades complementarias e extraescolares.
  - f. Programa de actividades de fomento da lingua galega.

- Novembro -

1. Informe do equipo directivo: Prácticum do mestrado. Plan de formación. Valoración do plan de acollida.
2. Planificación do seguimento dos diferentes plans e programas anuais: PAT, Plan de Lectura, Plan TIC e Programa de actividades.

-Decembro-

1. Informe do equipo directivo.
2. Seguimento do cumprimento das programacións didácticas.
3. Funcionamento do caderno excel para a elaboración do histórico de resultados.

-Xaneiro-

1. Informe do equipo directivo.
2. Análise e valoración dos resultados da 1ª avaliación.
3. Seguimento do PAT e do PAD.

-Febreiro-

1. Informe do equipo directivo: Proposta de gasto para os departamentos e equipos.
2. Seguimento e valoración do Plan anual de lectura e do Plan TIC.

-Marzo-

1. Informe do equipo directivo.
2. Presentación das propostas de actualización de diversos documentos do centro e aprobación da súa remisión ao claustro.

-Abril-

1. Informe do equipo directivo.
2. Análise e valoración dos resultados da 2ª avaliación.
3. Proposta do calendario de final do curso.

-Maio-

1. Informe do equipo directivo.
2. Aprobación da relación de **libros de texto** e doutro material curricular para o próximo curso.
3. Consideración da incorporación do centro ao **Proxecto EDIXGAL** no vindeiro curso.
4. Consideración das necesidades de formación do profesorado e proposta para o seguinte ano.

-Final de curso -Xuño-

1. Informe do equipo directivo:
  - a. Elaboración de memorias e Plan de avaliación do curso.
  - b. Previsións para o seguinte curso de postos escolares, grupos, profesorado etc.
2. Consideración da solicitude de incorporación do centro a programas institucionais de mellora.
3. Calendario de actividades do mes de setembro.

## 6. ORGANIZACIÓN DO PERSOAL NON DOCENTE

### 6.1. PERSOAL NON DOCENTE

O persoal non docente e os seus horarios aprobados para este curso figuran recollido no capítulo 7 do DOC e a modo resumido:

| <b>Apelidos e nome</b>                | <b>Posto</b>         |
|---------------------------------------|----------------------|
| 1. Arufe Mas, Josefa                  | Administrativo       |
| 2. Sánchez, Francisco                 | Auxiliar de conversa |
| 3. Gagino Puga, Marina                | Limpeza              |
| 4. Rivera Díaz, Obdulia               | Limpeza              |
| 5. Paulos Ramos, María Jesús          | Limpeza              |
| 6. Julias Piñeiro, María Esther       | Subalterno           |
| 7. Montaña Fernández, María Monserrat | Subalterno           |
| 8. Gude Marey, Eva María              | Intérprete           |

### 6.2. XESTIÓN E ORGANIZACIÓN DO PERSOAL NON DOCENTE

Os aspectos relacionados coa xestión e organización do persoal non docente (horario semanal e períodos de vacacións) están regulados no capítulo 10 do Proxecto de Xestión do centro. Para este curso están aprobados os seguintes:

#### **HORARIO DA AUXILIAR ADMINISTRATIVO**

→ De luns a venres de 8.00-15.30.

#### **HORARIO DO PERSOAL DA LIMPEZA**

1º→ De luns a xoves de 9.00-13.30 e de 15.30-18.30 e venres de 9.00-16.30

2º→ De luns a xoves de 11.00-14.30 e de 16.30-20.30 e venres de 9.00-16.30

3º→ De luns a xoves de 15.00-18.45 e venres de 13.00-16.45 (media xornada)

#### **HORARIO DE CONSERXERÍA**

1º→ Luns, mércores, xoves e venres de 8.00-15.30. Martes 8.00-13.30 e 16.00-18.00h.

2º→ Luns, mércores, xoves e venres de 8.00-15.30. Martes 8.00-13.30 e 16.00-18.00h.

#### **HORARIO DA INTÉRPRETE**

1º→ Luns, mércores, xoves e venres de 8.30-14.30. Martes 8.30-14.30 e 16.00-18.00h.

## HORARIO DO AUXILIAR DE CONVERSA

→ De luns a xoves, 16 horas.

### Horario de atención presencial ao público

De acordo co Protocolo COVID, o servizo de conserxería e a oficina administrativa prestan atención presencial ás familias, e ao público en xeral, non coincidindo cos recreos nin entrada e saída de alumnado, polo que se fixa ho horario de atención presencial nas franxas horarias de 9.00-11.00, 12.00-14.00h.

### Zonas de limpeza

- A . Planta principal, zonas cubertas e Planta 1ª(Leste) - 1736.09 m<sup>2</sup>
- B. Planta 1ª(Oeste) e Planta soto - 828.80 m<sup>2</sup>
- C. Edificio Anexo e Pavillón - 1657.80 m<sup>2</sup>

## 6.3. CALENDARIO DE VACACIONES 2021

**Períodos de servizos mínimos de limpeza:** En días non lectivos con xornada de 9.30-13.30h

|   |   |
|---|---|
| Entroido: 28 de febreiro, 1 e 2 de marzo                        | 3 |
| Semana Santa: 11, 12, 13 e 18 de abril                          | 4 |
| Nadal: 22, 23, 27, 28, 29, 30 de decembro e 3, 4 e 5 de xaneiro | 9 |

**Períodos de vacacións:** Períodos mínimos de 5 días.

|        |    |
|--------|----|
| Xullo  | 23 |
| Agosto | 21 |

### Acordo de reparto

|                          | Servizos Mínimos | días | Período de Vacacións | días |
|--------------------------|------------------|------|----------------------|------|
| Obdulia Rivera Díaz      |                  |      |                      |      |
| Marina Gagino Puga       |                  |      |                      |      |
| María Jesús Paulos Ramos |                  |      |                      |      |

### Acordo de reparto

|                             | Período de Vacacións | días | Observacións |
|-----------------------------|----------------------|------|--------------|
| María Esther Julias Piñeiro |                      |      |              |
| Montserat Montaña Fernández |                      |      |              |
| Josefa Arufe Mas            |                      |      |              |

**6.4. PLANO DE TAREFAS ADMINISTRATIVAS**

| TAREFAS                              | SET | OUT | NOV | DEC | XAN | FEB    | MAR     | ABRIL | MAI | XUÑ | XUL | AGO |
|--------------------------------------|-----|-----|-----|-----|-----|--------|---------|-------|-----|-----|-----|-----|
| Matrícula ordinaria / extraordinaria |     |     |     |     |     |        |         |       |     | 25- | -10 |     |
| Escolarización (Insp. Educativa)     |     |     |     |     |     |        |         |       |     |     | -10 |     |
| Transporte escolar                   |     |     |     |     |     |        |         |       |     |     | -10 |     |
| Seguro Escolar                       |     |     |     |     |     |        |         |       |     |     | -10 |     |
| Exencións de galego                  |     |     |     |     |     |        |         |       |     |     |     |     |
| Historial académico                  |     |     |     |     |     |        |         |       |     |     |     |     |
| Solicitud de axuda de libros         |     |     |     |     |     |        |         |       | 21- | -21 |     |     |
| Títulos ESO                          |     |     | -15 |     |     |        |         |       |     |     |     |     |
| Reserva de praza centro adscrito     |     |     |     |     |     | 01 -15 |         |       |     |     |     |     |
| Solicitud de admisión                |     |     |     |     |     |        | 01 - 20 |       |     |     |     |     |
| Solicitud admisión fora de prazo     |     |     |     |     |     |        | 21-     |       |     |     | -10 |     |
| Boletíns                             |     |     |     |     |     |        |         |       |     |     |     |     |
| Remisión actas                       |     |     |     |     |     |        |         |       |     |     | -10 |     |
| Certificados de matrícula            |     |     |     |     |     |        |         |       |     |     |     |     |
| Certificados académicos              |     |     |     |     |     |        |         |       |     |     |     |     |
| Entrega consello orientador          |     |     |     |     |     |        |         |       |     |     |     |     |
| Peche e apertura de rexistros        |     |     |     |     |     |        |         |       |     |     |     |     |
| Partes faltas persoal docente        |     |     |     |     |     |        |         |       |     |     |     |     |
| Partes faltas persoal non docente    |     |     |     |     |     |        |         |       |     |     |     |     |
| Tomas posesión e cesamentos          |     |     |     |     |     |        |         |       |     |     |     |     |
| Actualizar arquivos                  |     |     |     |     |     |        |         |       |     |     |     |     |

CLAVE DE CORES



Prazo ordinario



Prazo extraordinario



Por delegación da dirección

## 7. PROGRAMA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

No presente curso, dispoñemos das seguintes medidas específicas de atención á diversidade:

| MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE(MAD)  | Aplicación no curso actual  |
|---|---|
| <p><b>OFERTA MATERIAS TRONCAIS OPCIONAIS E ESPECÍFICAS ELEXIBLES</b><br/>Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (Artigos 13 e 14)<br/>Instrucións do 30 de xullo 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, en relación ás medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020/2021, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas da educación infantil, da educación primaria, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato.<br/>Nivel educativo: ESO</p>  | <p><b>1º ESO e 2º ESO</b><br/>Relixión / Valores éticos<br/><b>3º ESO</b><br/>Matemáticas orientadas ás ensinanzas aplicadas / académicas.<br/>Relixión / Valores éticos<br/>2ª L.E. Francés / Cultura clásica<br/><b>4º ESO</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• 4º C Matemáticas orientadas ás ensinanzas aplicadas, IAEE, TEC</li> <li>• 4º A e 4º B Matemáticas orientadas as ensinanzas académicas, BX, FQ.</li> </ul> <p>Cul. Ci e Fr (4ºA)<br/>Relixión (4ºB e 4ºC) /Valores Éticos<br/>EPVA/CuCla (4ºB)<br/>TIC/2ª L.E. Francés (4ºB)</p> |
| <p><b>OFERTA MATERIAS DE LIBRE CONFIGURACIÓN DO CENTRO</b><br/>Ordes do 15 de xuño de 2015 / 13 de xullo de 2016 / <b>7 de agosto de 2018 / 3 de agosto de 2017</b>, polas que se establece a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes.<br/>Punto 3 das Instrucións do 30 de xullo 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, en relación ás medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020/2021, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas da educación infantil, da educación primaria, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato.<br/>Nivel educativo: 1º e 2º ESO</p> | <p><b>1º ESO</b><br/>Afondamento e/ou reforzo EF/<br/>Afondamento e/ou reforzo ING<br/>Programación<br/>Investigación e Tratamento da Información<br/><b>2º ESO</b><br/>Oratoria/ Promoción de estilos de vida saudables/Igualdade de xénero.</p>   |
| <p><b>AULAS DE ATENCIÓN EDUCATIVA E CONVIVENCIA</b><br/>Circular 8/2009 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se regulan algunhas medidas de atención á diversidade para o alumnado de Educación Secundaria Obrigatoria<br/>Nivel educativo: ESO</p>  | <p>Alumnado remitido á aula de Convivencia</p>  |
| <p><b>PROGRAMA DE HABILIDADES SOCIAIS</b><br/>Circular 8/2009 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se regulan algunhas medidas de atención á diversidade para o alumnado de Educación Secundaria Obrigatoria<br/>Nivel educativo: ESO</p>  | <p>Porase en práctica dentro do Plan de Acción Titorial e aplicarase en coordinación co departamento de orientación.<br/>Aplicarase como medida prioritaria para alumnado remitido á Aula de Convivencia por motivos relacionados con condutas disruptivas e/ou impulsivas.</p>   |
| <p><b>DESDOBRAMENTO EN LINGUAS E MATEMÁTICAS</b><br/>Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (Artigos 17.2)</p>  | <p>Non se aplica no presente curso por seren insuficientes os recursos de profesorado.</p>  |



| MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE(MAD)  | Aplicación no curso actual   |
|---|--|
| <p><b>DESDOBRE 1 H/SEMANA</b><br/>Orde do 1 de agosto de 1997 pola que se desenvolve o Decreto 324/1996 polo que se aproba o Regulamento orgánico dos IES (DOG 02/09/97). Punto 71.h)<br/>Nivel educativo: ESO</p>  | <p>Non se aplica no presente curso por seren insuficientes os recursos de profesorado e para manter as medidas observadas no Protocolo Covid da Consellaría.</p>   |
| <p><b>PROGRAMA DE REFORZO NAS ÁREAS INSTRUMENTAIS</b><br/>Circular 8/2009 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se regulan algunhas medidas de atención á diversidade para o alumnado de Educación Secundaria Obrigatoria<br/>Nivel educativo: 1º e 2º ESO</p>  | <p>Estudárase a súa aplicación no presente curso co profesorado do Plan Recupera</p>   |
| <p><b>EXENCIÓN DE 2ª LINGUA ESTRANXEIRA CON REFORZO EDUCATIVO</b><br/>Resolución do 29 de maio de 2019, da DXEFPPE, dita instrucións para o desenvolvemento do currículo no curso 2019-20 .<br/>Nivel educativo: 1º e 2º ESO</p>  | <p><b>1º ESO</b> (10 sesións lectivas)<br/>25 alumnas/os<br/>Profesorado de LGL e PT (1º ESO A)<br/><b>2º ESO</b> (8 sesións lectivas)<br/>13 alumnas/os<br/>Profesorado de LCL</p>  |
| <p><b>PROGRAMA DE RECUPERACIÓN NAS ÁREAS NON INSTRUMENTAIS</b><br/>Circular 8/2009 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se regulan algunhas medidas de atención á diversidade para o alumnado de Educación Secundaria Obrigatoria<br/>Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (Artigo 23.3)<br/>Nivel educativo: 2º ESO</p>   | <p>Non se aplican xa que o horario lectivo do profesorado dos departamentos correspondentes está completo.</p>   |
| <p><b>PROGRAMAS DE REFORZO E RECUPERACIÓN EN HORARIO DE TARDE</b><br/>Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (Artigo 23.3)<br/>Nivel educativo: 2º, 3º, 4º ESO</p>  | <p>Non se aplican xa que o horario lectivo do profesorado dos departamentos correspondentes está completo</p>  |
| <p><b>PROGRAMA ESPECÍFICO PERSONALIZADO</b><br/>Circular 8/2009 medidas de atención á diversidade na ESO<br/>Nivel educativo: ESO</p>   | <p>Desenvólvense nas aulas ordinarias:<br/><b>1º ESO</b><br/>16 alumnas/os (2 + 3 + 4 + 5 + 2)<br/><b>2º ESO</b><br/>12 alumnas/os (2 + 3 + 5 + 2)<br/><b>3º ESO</b><br/>6 alumnas/os (0 + 1 + 5 )<br/><b>4º ESO</b><br/>6 alumnas/os (0 + 1 + 5 )<br/><b>Total de alumnado: 40 alumnas/os</b></p> |
| <p><b>AULA DE APOIO</b><br/>Orde do 27 de decembro de 2002 pola que se establecen as condicións e criterios para a escolarización en centros sostidos con fondos públicos do alumnado de ensino non universitario con necesidades educativas especiais. Artigo 19º.- Intervencións específicas<br/>Decreto 229/2011, do 7 de decembro, regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes de Galicia.<br/>Nivel educativo:1º e 2º ESO</p>   | <p><b>Decisións tomadas nas sesións de avaliación inicial.</b><br/><b>1º ESO</b><br/>1 alumnas/os (0 + 0 + 0 + 0 + 1)<br/><b>Total de alumnado: 1 alumnas/os</b></p>   |
| <p><b>ADAPTACIÓNS DO CURRÍCULO</b><br/>Orde do 20 de febreiro de 2004 pola que se establecen as medidas de atención específica ao alumnado procedente do estranxeiro (DOG 26/02/2004)<br/>Orde 28 outubro 1996 polas que se regulan as condición e o procedemento para flexibiliza a duración do período de escolarización obrigatoria dos alumnos con necesidades educativas especiais asociadas a condicións persoais de sobredotación intelectual (DOG 28/11/1996)<br/>Orde do 6 de outubro de 1995 pola que se regulan as adaptacións do currículo nas ensinanzas de réxime xeral ( DOG 7/11/1995)<br/>Nivel educativo: Todos</p> | <p><b>Decisións tomadas nas sesións de avaliación inicial.</b><br/><b>1º ESO</b><br/>7 alumnas/os (1+ 4 + 1 + 1 + 0)<br/><b>2º ESO:</b><br/>3 alumnas/os (1 + 0 + 0 + 2)<br/><b>Total de alumnado: 10 alumnas/os</b><br/><b>Todo o alumnado recibe apoio en PT</b></p>                             |

| MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE(MAD)  | Aplicación no curso actual  |
|---|---|
| <p><b>PROGRAMA DE MELLORA DA APRENDIZAXE E DO RENDEMENTO</b><br/>Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (Artigo 20)<br/>Resolución do 29 de maio de 2019, da DXEPPIE, dita instrucións para o desenvolvemento do currículo no curso 2019-20 . (Artigo 10).<br/>Nivel educativo: 2º e 3º ESO</p> | <p>Non se desenvolve no curso actual</p>  |
| <p><b>ESCOLARIZACIÓN COMBINADA</b><br/>Orde do 27 de decembro de 2002 pola que se establecen as condicións e criterios para a escolarización en centros sostidos con fondos públicos do alumnado de ensino non universitario con necesidades educativas especiais. (DOG 20/01/2003)</p>   | <p>Non se desenvolve no curso actual</p>  |
| <p><b>EXENCIÓNS DE LINGUA GALEGA</b><br/>Lei 3/1983, do 15 de xuño, de Normalización Lingüística (DOG 14/07/1983)<br/>Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia (DOG 25/05/2010)<br/>Nivel educativo: 3º ciclo EP, ESO ou Bacharelato</p>  | <p><b>1º ESO</b><br/>6 alumnas/os<br/><b>2º ESO</b><br/>1 alumna<br/><b>3º ESO</b><br/>5 alumnas/os<br/><b>Total de alumnado: 12 alumnas/os</b></p>   |
| <p><b>EXENCIÓNS e ADAPTACIÓN de EF e VALIDACIÓNS de Música ou Optativa</b><br/>Orde do 7 de xullo de 2010 pola que se establecen medidas de ordenación académica para o alumnado que cursa as ensinanzas profesionais de música ou danza e as de réxime ordinario. (DOG 15/07/2010)<br/>Nivel educativo: ESO e Bacharelato</p>  | <p><b>2º ESO</b> –1 alumno:<br/>(AMG) Validación de Música e Igualdade de Xénero<br/><b>4ºESO</b> -1 alumno:<br/>(MPM) Validación de Música e TIC.<br/><b>Total de alumnado: 2 alumnas/os</b></p> |

O programa do departamento de orientación, incorpora o **plan de traballo das aulas de apoio**, no que se detalla o horario do profesorado de PT .

Nos documentos internos incorpórase e a relación inicial do alumnado que atenden, tamén as relacións de alumnado con aplicación dalgún tipo de medida de atención á diversidade reflectida neste programa.

## 8. PROGRAMA DE ACCIÓN TITORIAL

### 8.1. OBXECTIVOS

#### **Obxectivos da titoría respecto ao alumnado**

Promover a seguridade no centro.

- Respetar as normas de prevención, hixiene e protección derivadas do protocolo COVID.
- Informa do plan de emerxencias e normas para a de evacuación do centro.

Lograr que o alumnado contribúa a boa marcha do centro e participe nas actividades, particularmente do seu grupo e nas actividades de titoría.

- Informar ao alumnado sobre os seus deberes e dereitos e as normas do centro.
- Elección dos/as representantes.

Lograr un bo clima de convivencia entre o alumnado.

- Acordar normas de aula.
- Estudo sociométrico.
- Actividades para o desenvolvemento de intelixencia emocional e de habilidades sociais.

Integrar ao alumnado no grupo e facelo participe do deseño e avaliación do programa de titoría.

- Incorporar actividades demandadas polo alumnado e do seu interese.

Informar sobre como recuperar as avaliacións pendentes e facer o seu seguimento.

Trasladar ao grupo as principais temas tratados nas sesións de avaliación.

Dotar ao alumnado dun dominio aceptable das técnicas de aprendizaxe e estudo.

Dar a coñecer ao alumnado as opcións e alternativas académicas que se lles presentan.

Orientar ao alumnado sobre as súas posibilidades académicas.

#### **Obxectivos da titoría respecto ás familias e os centros**

Garantir a información ás familias nos casos de abandono e non asistencia ás clases.

Procurar a colaboración das familias no apoio á aprendizaxe e orientación dos seus fillos/as.

Procurar a colaboración do profesorado no desenvolvemento da acción titorial.

Establecer un calendario para as tarefas de coordinación do equipo de profesores, xefatura e DO.

Centrar as sesións de avaliación na mellora do proceso educativo.

#### **Obxectivos para a avaliación da titoría**

Avaliar o desenvolvemento da titoría ao longo do curso.

Analizar os principais aspectos, positivos e negativos, destacar con referencia á organización, os compoñentes do grupo a persoa titora e as actividades desenvolvidas en todas as sesións.

Comprobar a consecución dos obxectivos programados.

Contribuír á mellora do PAT.

Estandarizar e informatizar no posible as tarefas de xestión. (dir/xe)

Elaboración dun rexistro das actuacións ao longo do curso, uniforme para todos os titores/as (xe/do)

Elaborar modelos estandarizados de actuacións, particularmente nas reunións de pais, comunicados, compromisos co alumnado e coas familias, adopción de acordos, fichas de derivación... (xe/do)

Detectar necesidades de formación en orientación e titoría.

## 8.2. PROGRAMACIÓN TITORIAL POR NIVEIS

Recóllense nos seguintes cadros as actuacións a desenvolver na sesión semanal de tutoría co alumnado, susceptibles da súa adecuación ás características e necesidades de cada grupo.

| MES      | ACTIVIDADES - 1º ESO  |
|----------|---|
| SETEMBRO | Xornada de acollida do alumnado. Información básica da organización do curso, aulas, horario...<br>Realización do inventario e estado actual da aula. Nomeamento provisional de delegado.   |
| OUTUBRO  | Cumprimentado dos cuestionarios persoais iniciais (a chegar ao expediente do alumno).<br>Actividades previas á elección de delegado. Elección de delegado<br>Dereitos e deberes.<br>Normas de convivencia do centro. Normas da clase.   |
| NOVEMBRO | Obxectivos e estrutura organizativa do centro.<br>A clase como grupo. Sociograma.<br>Técnicas de traballo intelectual: Cuestionario de hábitos de estudo e de uso das técnicas.<br>Técnicas de traballo intelectual: Incidencia dos factores ambientais no estudo persoal.  |
| DECEMBRO | Técnicas de traballo intelectual: Lectura exploratoria, lectura comprensiva, o subliñado<br>Plan de emerxencia do centro / Análise das NOF<br><b>Sesión de autoavaliación, avaliación do grupo e do proceso de ensinanza-aprendizaxe.</b><br><b>Sesión de postavaliación, entrega de notas, valoración dos resultados e acordos.</b>  |
| XANEIRO  | Técnicas de traballo intelectual: Os esquemas e os resúmenes.<br>Técnicas de traballo intelectual: Organización e planificación do estudo.<br>Técnicas de traballo intelectual: O plan de estudo persoal.   |
| FEBREIRO | Prevención do consumo do tabaco<br>Educación para o consumo responsable, sostible e saudable.<br><br>Seguridade viaria e condutas cívicas   |
| MARZO    | Riscos asociados ao uso de internet<br>Riscos asociados ao uso de internet<br><b>Sesión de autoavaliación, avaliación do grupo e do proceso de ensinanza-aprendizaxe.</b><br><b>Sesión de postavaliación, entrega de notas, valoración dos resultados e acordos.</b>  |
| ABRIL    | Alimentación san.<br>Educación para a saúde, desenvolvemento dunha autoimaxe positiva.<br>Educación para o lecer, as vacacións ....<br>Habilidades sociais e autocontrol I  |
| MAIO     | Habilidades sociais e autocontrol I<br>Diversidade afectivo sexual I.<br>Diversidade afectivo sexual II.<br>POAP: Materias opcionais e optativas de 2º, 3º e 4º de ESO. e alternativas formativas   |
| XUÑO     | Avaliación do Plan de Acción Titorial e do Plan de Orientación Académica e Profesional.   |
| SETEMBRO | Como nos foi: Autoavaliación, avaliación do grupo e valoración do proceso de E/A.<br>Cuestionarios de avaliación dos plans anuais do centro: Plan lector, Plan TIC, Convivencia e tutoría<br><b>Xunta de Avaliación Ordinaria.</b> Entrega de notas, Consello Orientador e calendario de setembro.<br><b>Xunta de Avaliación Extraordinaria.</b> Entrega de notas e do Consello Orientador. |

| MES      | ACTIVIDADES – 2º ESO  |
|----------|---|
| SETEMBRO | Recepción do alumnado. Información básica da organización do curso, aulas, horario...<br>Realización do inventario e estado actual da aula. Nomeamento provisional de delegado.   |
| OUTUBRO  | Cumprimentado dos cuestionarios persoais (a achegar ao expediente do alumno).<br>Actividades previas á elección de delegado. Elección de delegado<br>Dereitos e deberes.<br>Normas de convivencia do centro. Normas da clase.   |
| NOVEMBRO | A clase como grupo. Sociograma.<br>Técnicas de traballo intelectual: Cuestionario de hábitos de estudo e de uso das técnicas.<br>Técnicas de traballo intelectual: A planificación do estudo e os factores ambientais.<br>Técnicas de traballo intelectual: Lectura exploratoria, lectura comprensiva, o subliñado.   |
| DECEMBRO | Técnicas de traballo intelectual: Elaboración de esquemas e resúmenes.<br>Plan de emerxencia do centro / Análise das NOF<br><b>Sesión de autoavaliación, avaliación do grupo e do proceso de ensinanza-aprendizaxe.</b><br><b>Sesión de postavaliación, entrega de notas, valoración dos resultados e acordos.</b>  |
| XANEIRO  | Técnicas de traballo intelectual: Un método de estudo: o L2SERM<br>Técnicas de traballo intelectual: Preparación de exames<br>Temas transversais: Alimentación san  |
| FEBREIRO | Temas transversais: Educación para o consumo, a publicidade<br>Temas transversais: Prevención do tabaquismo<br><br>Temas transversais: Prevención do alcoholismo.   |
| MARZO    | Temas transversais: Educación sexual<br>Temas transversais: Sexualidade responsable<br><b>Sesión de autoavaliación, avaliación do grupo e do proceso de ensinanza-aprendizaxe .</b><br><b>Sesión de postavaliación, entrega de notas.</b>   |
| ABRIL    | Desenvolvemento de habilidades sociais<br>Desenvolvemento9 de habilidades sociais<br>HHSS fronte as drogas I<br>HHSS fronte as drogas II  |
| MAIO     | Temas transversais: Autoestima e imaxe persoal<br>Temas transversais: Educación viaria<br>POAP: Información sobre o sistema educativo e alternativas formativas<br>POAP: itinerarios e materias optativas de 3º e 4º de ESO.  |
| XUÑO     | Avaliación do Plan de Acción Titorial e do Plan de Orientación Académica e Profesional.<br>Como nos foi: Autoavaliación, avaliación do grupo e valoración do proceso de E/A.<br>Cuestionarios de avaliación dos plans anuais do centro: Plan lector, Plan TIC, Convivencia e titoría<br><b>Xunta de Avaliación Ordinaria.</b> Entrega de notas, Consello Orientador e calendario de setembro. |
| SETEMBRO | <b>Xunta de Avaliación Extraordinaria.</b> Entrega de notas e do Consello Orientador.   |

| MES      | ACTIVIDADES – 3º ESO  |
|----------|---|
| SETEMBRO | Recepción do alumnado. Información básica da organización do curso, aulas, horario...<br>Realización do inventario e estado actual da aula. Nomeamento provisional de delegado.   |
| OUTUBRO  | Cumprimentado dos cuestionarios persoais (a achegar ao expediente do alumno)<br>Normas de organización e funcionamento do centro. Dereitos e deberes. Normas de convivencia.<br>Elección de delegado/a.<br>A clase como grupo. Sociograma   |
| NOVEMBRO | Organización e planificación do estudo: O plan de estudo persoal .<br>Aplicación e exercitación dun método de estudo: L2SERM.<br>Mapas conceptuais e gráficos como ferramentas para sistematizar a información.<br>Temas transversais: Prevención do consumo de drogas I.   |
| DECEMBRO | Temas transversais: Prevención do consumo de drogas II.<br>Plan de emerxencia do centro / Análise das NOF<br><b>Sesión de autoavaliación, avaliación do grupo e do proceso de ensinanza-aprendizaxe.</b><br><b>Sesión de postavaliación, entrega de notas, valoración dos resultados e acordos.</b>   |
| XANEIRO  | POAP: Cuestionario de exploración inicial, actividades de autoconecemento.<br>POAP: Factores a contemplar na toma de decisións.<br>POAP: Información sobre a organización do bacharelato, modalidades e itinerarios, acceso.  |
| FEBREIRO | POAP: Información sobre a FP, as familias profesionais, acceso ...<br>Educación para a saúde: Valoración e mellora da autoimaxe.<br><br>Educación para a saúde: Trastornos da alimentación; anorexia, bulimia e obesidade.  |
| MARZO    | Temas transversais: Educación para o consumo, a publicidade<br>Temas transversais: Educación viaria.<br><b>Sesión de autoavaliación, avaliación do grupo e do proceso de ensinanza-aprendizaxe .</b><br><b>Sesión de postavaliación, entrega de notas.</b>  |
| ABRIL    | Prevención das adicción dixitais e uso inadecuado das TIC I<br>Prevención das adicción dixitais e uso inadecuado das TIC1 II<br>Prevención e abordaxe de conflitos I<br>Prevención e abordaxe de conflitos II   |
| MAIO     | Prevención da violencia de xénero I<br>Prevención da violencia de xénero I<br>POAP: Información sobre outras alternativas formativas / Procesos de inserción laboral.<br>POAP: Información sobre itinerarios e oferta optativas de 4º de ESO.   |
| XUÑO     | Avaliación do Plan de Acción Titorial e do Plan de Orientación Académica e Profesional.<br>Como nos foi: Autoavaliación, avaliación do grupo e valoración do proceso de E/A.<br>Cuestionarios de avaliación dos plans anuais do centro: Plan lector, Plan TIC, Convivencia e titoría<br><b>Xunta de Avaliación Ordinaria.</b> Entrega de notas, Consello Orientador e calendario de setembro. |
| SETEMBRO | <b>Xunta de Avaliación Extraordinaria.</b> Entrega de notas e do Consello Orientador.   |

| MES      | ACTIVIDADES – 4º ESO  |
|----------|---|
| SETEMBRO | Recepción do alumnado. Información sobre a organización do curso e criterios de titulación<br>Nomeamento provisional de delegado. Inventario de aula. Cuestionarios persoais iniciais.  |
| OUTUBRO  | Normas de organización e funcionamento do centro. Dereitos e deberes. Normas de convivencia<br>Elección de delegado.<br>Organización e planificación do estudo: O plan de estudo persoal.<br>A biblioteca e internet como fonte de información e recursos.  |
| NOVEMBRO | Elaboración e presentación de traballos.<br>Exposición orais e debates.<br>Temas transversais: Prevención do consumo de drogas I.<br>Temas transversais: Prevención do consumo de drogas II.  |
| DECEMBRO | Análise das NOF<br>Bullying e cyberbullying I<br>Bullying e cyberbullying II<br><b>Sesión de autoavaliación, avaliación do grupo e do proceso de ensinanza-aprendizaxe.</b>   |
| XANEIRO  | Coñecemento de a estrutura del sistema educativo.<br>As modalidades e itinerarios de bacharelato.<br>A formación profesional.   |
| FEBREIRO | Outros estudos, réxime especial, non regrados, ....<br>Información sobre a oferta formativa da localidade.<br><br>Itinerarios e optatividade en 1º de Bacharelato - Informes sobre optativas e materias de modalidade.  |
| MARZO    | Temas transversais: Prevención no uso de internet, redes e xogos I<br>Temas transversais: Prevención no uso de internet, redes e xogos II<br>Temas transversais::<br><b>Sesión de autoavaliación, avaliación do grupo e do proceso de ensinanza-aprendizaxe .</b>   |
| ABRIL    | Temas transversais: Dereitos e deberes do consumidor.<br>Temas transversais: Consumo e compras seguras.<br>Educación para saúde: Risco Cero, embarazos no desexados, ETS<br>Educación para a saúde: Alimentación san.   |
| MAIO     | Coñecemento do mundo laboral e produtivo.<br>Procesos de inserción laboral, busca de emprego, autoemprego.<br>Procesos de inserción laboral, elaboración de curriculum vitae, preparación de tests e entrevistas.<br>Toma de decisións: elección del itinerario formativo para el curso próximo e a corto prazo.  |
| XUÑO     | Avaliación del Plan de Acción Titorial e del Plan de Orientación Académica e Profesional.<br>Como nos foi: Autoavaliación, avaliación do grupo e valoración do proceso de E/A..<br>Cuestionarios de avaliación dos plans anuais do centro: Plan lector, Plan TIC, Convivencia e titoría.<br><b>Xunta de Avaliación Ordinaria.</b> Entrega de notas, Consello Orientador e calendario de setembro. |
| SETEMBRO | <b>Xunta de Avaliación Extraordinaria.</b> Entrega de notas e do Consello Orientador.   |

### 8.3. ACTUACIÓNS REPECTO AO PROFESORADO E AO CENTRO

| MES      | ACTUACIÓNS   |
|----------|--|
| SETEMBRO | <ul style="list-style-type: none"> <li>▶ Xornadas de acollida de titores e presentación do Plan de acollida de alumnos e do Plan de Acción Tutorial..</li> <li>▶ Coordinación da recepción do alumnado e da presentación das materias aos alumnos.</li> <li>▶ Recompilación de información inicial sobre o alumnado e a súa situación sociofamiliar.</li> <li>▶ <b>Reunión inicial cos pais</b></li> <li>▶ Información ao equipo docente sobre o desenvolvemento da reunión inicial mantida cos pais e nais dos alumnos.</li> </ul>  |
| OUTUBRO  | <ul style="list-style-type: none"> <li>▶ Avaliación do programa de acollida</li> <li>▶ Coordinación da <b>avaliación inicial</b>.</li> <li>▶ Concreción do Plan de Orientación Educativa e Profesional, do Plan de Acción Tutorial e da Programación Tutorial.</li> <li>▶ Coordinar as medidas de atención á diversidade: Unificar criterios e establecer acordos respecto a obxectivos comúns, principios metodolóxicos xerais, procedementos comúns, criterios de avaliación, medidas a adoptar para o tratamento flexible da diversidade, etc. e fixar os procedementos a seguir para o seu seguimento e avaliación.</li> <li>▶ Definición do programa de <b>Técnicas de Traballo Intelectual</b>.</li> </ul> |
| NOVEMBRO | <ul style="list-style-type: none"> <li>▶ Seguimento da implantación das medidas de atención a diversidade nas diversas materias e aula PT</li> </ul>   |
| DECEMBRO | <ul style="list-style-type: none"> <li>▶ Coordinación da avaliación e do proceso de ensinanza-aprendizaxe: Sesións da <b>1ª avaliación</b>.</li> </ul>   |
| XANEIRO  | <ul style="list-style-type: none"> <li>▶ Definición do programa de <b>Orientación Académica e Profesional</b>.</li> </ul>  |
| FEBREIRO | <ul style="list-style-type: none"> <li>▶ Reunión co profesorado para o seguimento dos alumnos que reciben apoio/medidas de adaptación curricular e en xeral, para a valoración da efectividade das medidas de atención a diversidade adoptadas.</li> <li>▶ Avaliación do programa de <b>Técnicas de Traballo Intelectual</b></li> </ul>  |
| MARZO    | <ul style="list-style-type: none"> <li>▶ Coordinación e seguimento do programa de <b>Orientación Académica e Profesional</b>.</li> <li>▶ Coordinación da avaliación e do proceso de ensinanza-aprendizaxe: Sesións de <b>2ª avaliación</b>.</li> </ul>   |
| ABRIL    | <ul style="list-style-type: none"> <li>▶ Reunión da xunta de profesores para o seguimento dos alumnos que reciben apoio/medidas de adaptación curricular e en xeral, para a valoración da efectividade das medidas de atención a diversidade adoptadas.</li> </ul>   |
| MAIO     | <ul style="list-style-type: none"> <li>▶ Avaliación do programa de <b>Orientación Académica e Profesional</b>.</li> </ul>  |
| XUÑO     | <ul style="list-style-type: none"> <li>▶ Coordinación da avaliación e do proceso de ensinanza-aprendizaxe. Sesións de <b>avaliación ordinaria</b>.</li> <li>▶ Elaboración dos documentos de avaliación.</li> <li>▶ Formulación do consello orientador.</li> <li>▶ Recollida de instrucións para a recuperación de materias non superadas.</li> <li>▶ cumprimentado do cuestionario de avaliación da tutoría.</li> <li>▶ Elaboración da memoria de tutoría.</li> </ul>  |
| SETEMBRO | <ul style="list-style-type: none"> <li>▶ Coordinación da avaliación e do proceso de ensinanza-aprendizaxe. Sesións de <b>avaliación extraordinaria</b>.</li> <li>▶ Elaboración dos documentos de avaliación.</li> <li>▶ Formulación do consello orientador.</li> </ul>   |



## 8.4. AVALIACIÓN DA ACCIÓN TITORIAL

### 1. PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN

Os tutores/as levarán un rexistro das súas actuacións, que facilite o seguimento do desenvolvemento e cumprimento do programa previsto, facer os axustes necesarios para o seu cumprimento e, de selo caso, da súa mellora. Ademais este rexistro permitirá o estudo estatístico das actuacións e a súa eficacia así como a elaboración da memoria final.

O departamento de orientación e á xefatura de estudos realizarán o seguimento puntual, facilitando deste xeito os axustes necesarios.

A dirección facilitará as seguintes ferramentas online para o valoración da acción titorial:

- Cuestionario específico ao alumnado sobre a tutoría e a convivencia.
- Cuestionario específico aos tutores/as sobre o funcionamento do grupo, tarefas desenvoltas, así como valoración da coordinación e da eficacia da acción titorial e a do propio programa.
- Cuestionario xenérico de avaliación interna a todo o profesorado, tamén incorporará un apartado referido a acción titorial e a súa valoración.

A dirección incorporará na memoria xeral anual o resume das respostas a estes cuestionarios e as principais conclusións que se deriven.

A orientadora do centro incorporará na memoria final do departamento de orientación un capítulo sobre as intervencións dentro do PAT e o seu desenvolvemento, incluírá: logro de obxectivos, actividades desenvoltas, adecuación dos obxectivos e das actuacións á demanda e as necesidades, valoración das técnicas, dos materiais e dos recursos empregados, implicación dos tutores e propostas de mellora.

### 2. MEMORIA DE TITORÍA

Ao final do curso os tutores elaborarán a súa memoria nun modelo estandarizado e que recollerá a avaliación dos seguintes aspectos da acción titorial e do PAT.

#### 1. ESTRUCTURA E CARACTERÍSTICAS DO GRUPO

- Alumnado e situación académica
- Medidas atención á diversidade
- Situación da convivencia e medidas correctoras
- Dinámica de funcionamento ...

#### 2. TAREFAS DESENVOLTAS POLO/A TITOR/A

- Actividades co grupo na hora semanal de tutoría
- Atención individualizada ao alumnado
- Actividades grupais coas familias
- Atención individualizada coas familias
- Coordinación do equipo docente
- Atención individualizada coas familias
- Tarefas de xestión

#### 3. VALORACIÓN DO TRABALLO DESENVOLTO

- Grao de desenvolvemento das funcións
- Grao de consecución dos obxectivos
- Principais dificultades e aspectos máis positivos

#### 4. ANÁLISE E VALORACIÓN DO PLAN DE ACCIÓN TITORIAL

- Da planificación e desenvolvemento do programa
- Da coordinación do desenvolvemento
- De cada un dos bloques do PAT (Acollida do alumnado e integración do alumnado no centro, Presentación do titor e concreción conxunta do programa de tutoría, Normas de organización e funcionamento do instituto e normas de aula, Dereitos, deberes e participación do alumnado. Promoción e mellora da convivencia e xestión de conflitos, Desenvolvemento persoal, educación en valores e temas transversais, Técnicas de traballo intelectual, Orientación académica e profesional, Actividades de avaliación co alumnado, Sesións de avaliación e planificación, Actuacións co equipo docente, Avaliación da tutoría, Actuacións coas familias).

## 9. PLAN DE CONVIVENCIA

### 9.1. INTRODUCCIÓN

A partir da información recollida na memoria do curso anterior, sobre a situación da convivencia no centro, as principais incidencias, a eficacia da maneira de abordalas e tomando como referencia o Plan de Convivencia do centro, establecemos este documento de concreción anual.

Destacaremos o elevado número de casos de absentismo (28 caso 1º e 2º curso), 13 expedientes disciplinarios que afectaron a 10 alumnos de 1º e 2º curso, e tamén o elevado número de apercibimentos, particularmente en 1º curso.

As propostas de mellora formulan: revisión das NOF, reforzar no PAT o coñecemento das mesmas, buscar a concienciación das familias tamén ao longo do curso nos casos de conflictividade, crear a aula de convivencia, empregar a mediación e a conciliación, sempre que fose posible, e iniciar o TEI nas primeiras semanas do curso.

As principais novidades veñen da existencia deste documento de referencia e marco das actuacións e da creación da aula de convivencia, aínda que cun horario reducido por falta de recursos suficientes.

Recollemos os obxectivos específicos contextualizados a este curso e a actuacións inicialmente programadas, indicando responsables e temporalización. Incorporamos tamén os criterios de avaliación da convivencia que se enmarca dentro do plan xeral de avaliación do funcionamento do centro, no que participan todos os sectores da comunidade educativa, ben nos órganos de goberno, particularmente faise unha vez ao trimestre na comisión de convivencia, nas xuntas de avaliación, ben mediante cuestionarios online e informe posterior.

### 9.2. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

#### 1. **Facilitar aos órganos de goberno e ao profesorado instrumentos e recursos en relación coa prevención da violencia e a mellora da convivencia no centro.**

1.1 Recoller nas **normas de organización e funcionamento** do centro (NOF) accións ou propostas de mellora da convivencia nos distintos **espazos do centro** (especial atención aos accesos, patios de recreo, zonas de xogo, servizos etc.), así como nos momentos de maior actividade (entradas, saídas, cambios de clase, recreos etc.).

1.2 Establecer o funcionamento da aula de convivencia inclusiva a fin de evitar medidas medias coercitivas ou punitivas a favor da reflexión e a conciliación e a reparación do dano.

#### 2. **Concienciar e sensibilizar a comunidade educativa sobre a importancia dunha axeitada convivencia escolar e sobre os procedementos para melloralala e acadar un ambiente educativo que permita o óptimo aproveitamento dos recursos que a sociedade pon á disposición do alumnado.**

2.1. Coñecer a existencia de posibles **problemáticas relacionais** na comunidade educativa (alumnado-familias-profesorado).

2.2. Establecer **vías de sistematización das actuacións** en materia de convivencia que se desenvolven no centro.

2.3. Revisión e **adaptación dos documentos** de organización e de xestión de xeito que o clima de centro sexa óptimo para as relacións humanas e o desenvolvemento das tarefas educativas, baseado no respecto mutuo.

2.4. Lograr o pleno **respecto aos dereitos** do alumnado á educación e do profesorado a realizar o seu labor educativo nas mellores condicións.

2.5. Lograr o **respecto ás normas de convivencia** do centro e o uso axeitado das instalacións e materiais do centro.

**3. Fomentar no centro os valores, as actitudes e as prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas e avanzar no respecto á diversidade e no fomento da igualdade entre homes e mulleres.**

3.1. Elaborar de forma consensuada as **normas de convivencia** do centro e de aula.-

3.2. Favorecer o traballo en grupo e o **traballo cooperativo** como metodoloxías nas que se potencia o respecto e a solidariedade entre o alumnado.

3.3. Conseguir un clima de **tolerancia á diversidade** e de respecto á dignidade e á **igualdade** de todas as persoas, independentemente da súa condición, sexo, relixión, cultura, raza, nacionalidade, ideoloxía, etc..., e de rexeitamento de calquera tipo de discriminación.

3.4. Levar a cabo accións formativas, preventivas e de intervención para a mellora da convivencia baseadas na construción de valores e no **desenvolvemento da competencia social** do alumnado.

3.5. Manter, por parte do profesorado, unha liña de actuación coherente e uniforme no tratamento dos conflitos.

**4. Facilitar a prevención, detección, tratamento, seguimento, xestión e resolución dos conflitos que poidan producirse no centro e aprender a utilizalos como fonte de experiencia e aprendizaxe.**

4.1. Promover unha **cultura de resolución pacífica de conflitos** baseada no diálogo.

4.2. Propoñer actuacións que fagan que as aulas e o centro sexan **lugares de aprendizaxe e práctica da convivencia**.

4.3. Asumir o conflito como algo inherente á vida común dun grupo de persoas e cuxo tratamento forma parte do labor educativo.

**5. Facilitar a prevención, detección e eliminación de todas as manifestacións de violencia, especialmente do acoso escolar, da violencia de xénero e das actitudes e comportamentos xenófobos e racistas.**

5.2. Elaborar **protocolos de notificación e actuación** ante distintas situacións contrarias á convivencia (disrupción, violencia de xénero, agresións verbais, acoso escolar...).

5.3. Previr, detectar e eliminar calquera manifestación de violencia ou acoso.

**6. Facilitar a conciliación ou a mediación para a resolución pacífica dos conflitos.**

6.1. Valorar a creación e formación dun **equipo de mediación**, integrado por representantes dos distintos sectores da comunidade educativa, que actúe segundo o previsto no plan de convivencia.

6.3. Fomentar o diálogo como método para a resolución de conflitos, aplicando o **procedemento conciliado** sempre que sexa posible.

**7. Contribuír desde o ámbito da convivencia á adquisición das competencias básicas, particularmente das competencias social e cidadá e para a autonomía e iniciativa persoal.**

7.1. Formar os diferentes membros da comunidade educativa en habilidades comunicativas e de relación: **a linguaxe asertiva**.

**8. Fomentar e facilitar a participación, a comunicación e a cooperación das familias no mantemento da convivencia nos centros docentes.**

8.2. Elaborar de forma consensuada as **normas de convivencia** do centro.-

8.3. Asumir por todos os membros da comunidade educativa que o fomento da convivencia e o logro dun clima positivo no centro é **responsabilidade e tarefa de todos**.

8.4. Favorecer as situacións nas que o alumnado poida participar na organización do centro. - Xunta delegados..

8.5. Implicar a toda a comunidade educativa no desenvolvemento e cumprimento das normas de convivencia polas que se rexe o noso instituto. - compromisos

**9. Establecer, incrementar e consolidar as relacións con entidades e institucións do contorno que contribúan á construción de comunidades educadoras e a unha convivencia de calidade que potencie os dereitos e liberdades fundamentais.**

9.1. Fomentar as liñas de actuación e de colaboración doutras institucións que contribúan á mellora da convivencia no centro .

**9.3. ACTUACIÓNS, MEDIDAS E PROGRAMAS**

**1. Actuacións preventivas, de acollida e de sensibilización.**

- a) **Plan de acollida**, para o alumnado procedente dos centros de e primaria adscritos e para o alumnado inmigrante; incorpora xornadas de portas abertas ás familias para facilitarlles o coñecemento do centro, o seu proxecto educativo, a súa organización e das canles de participación; traspaso coordinado de información dos centros adscritos e entrevistas coas familias para recadar datos relevantes do alumnado para a súa correcta escolarización; e outras actuacións dentro do Plan de Acción Titorial, para informalos dos seus dereitos e deberes, Plan de convivencia, organización do grupo-clase....

Resp. Dirección, Orientación e titores.

Temp. Inicio do curso e diversas datas ao longo do curso segundo o plan de acollida.

- b) **Difusións das normas de convivencia** e dos protocolos de detección temperá de condutas contrarias ás mesmas.

Resp. Dirección, titores e Orientación .

Temp. Inicio do curso e segundo o PAT.

- c) **Campañas e actividades de sensibilización** na igualdade entre homes e mulleres para previr a violencia de xénero.

Resp. Orientación, titores e profesorado da materia de Valores Éticos.

Temp. Diversas datas segundo a programación do DO e o PAT.

- d) **Medidas de vixilancia** de espazos e tempos considerados de risco, como os recreos, as entradas e as saídas do centro e os cambios de clase nos corredores.

Resp. Dirección e profesorado de garda e por extensións todo o profesorado e persoal do centro.

Temp. Todo o curso, programa de gardas.

## 2. Medidas organizativas, curriculares e de coordinación.

- e) **Constitución de grupos heteroxéneos e organización de medidas de atención á diversidade** a partir da detección temperá de necesidades educativas e do proceso de avaliación inicial.

Resp. Xefatura de Estudos e Orientación.

Temp. Antes do inicio do curso e despois da avaliación inicial

- f) **Coordinación das actuacións** docentes referidas á programación e o desenvolvemento do currículo, as estratexias metodolóxicas, a avaliación do progreso do alumnado e da práctica docente, as actividades complementarias e extraescolares e os procedementos de comunicación interna.

Resp. Xefatura de Estudos, Departamentos, Titores e DACE.

Temp. Antes do inicio do curso, mensualmente e nas sesións de avaliacións.

- g) **Procedementos de comunicación coas familias**, particularmente das faltas de asistencia e para a xustificación destas .

Resp. Xefatura de Estudos, titores e profesorado en xeral.

Temp. Todo o curso, quincenalmente por escrito e diariamente pola plataforma XADE-Abalar.

## 3. Actuacións dirixidas a garantir a participación da comunidade educativa.

- h) **Promover a elección de representantes no consello escolar**, na xunta de delegados e a participación na ANPA; informar das súas funcións e difusión das súas actuacións.

Resp. Dirección, Xefatura de Estudos e Titores.

Temp. Novembro.

- i) **Favorecer a corresponsabilidade das familias** co proceso educativo, a integración e o desenvolvemento persoal dos seus fillos, como pode ser o establecemento de compromisos educativos e de convivencia.

Resp. Dirección, Xefatura de Estudos, Titores e Orientación.

Temp. Na reunión de inicio de curso e sempre que sexa necesario nos casos particulares.

## 4. Protocolo para a prevención, a detección e o tratamento das situacións de acoso escolar.

- j) **Canles específicas** que faciliten ás vítimas a exteriorización das situacións de acoso e medidas de protección da vítima.

Resp. Dirección, Xefatura de Estudos, Titores e Orientación.

Temp. Todo o curso, sempre que sexa necesario.

## 5. Programas específicos para promover a convivencia no centro e que fomenten o diálogo, a corresponsabilidade e a cultura de paz.

- k) **Programas específicos** que incorporen aspectos relacionados co autoconceito e a autoestima, a xestión de conflitos, a dinámica de grupos, traballo cooperativo, a educación afectivo-sexual e a igualdade entre homes e mulleres, que se incorporarán ao PAT se o demandan os titores e co asesoramento do DO.

Resp. Titores e Orientación.

Temp. Segundo calendario do DO e o PAT.

- l) **Programas de habilidades e competencias sociais**, elaborados e desenvolto polo DO, dirixidos ao alumnado que incorra reiteradamente en condutas disruptivas ou específico para o alumnado que estea temporalmente privado do seu dereito de asistencia ao centro.

Resp. Xefatura de Estudos, Titores, Orientación e profesorado de garda na aula de convivencia.

Temp. No momento en que se precisen..

- m) **Aula de convivencia** inclusiva coa vocación de substituír o tempo de expulsión do alumnado que estivese temporalmente privado do seu dereito de asistencia ao centro, como consecuencia da imposición de medidas correctoras.

Resp. Dirección, Orientación e profesorado de garda na aula de convivencia.

Temp. Todo o curso.

- n) **Programa TEI** (titoría entre iguais) para a prevención da violencia e o acoso escolar e que ten como obxectivo básico mellorar a integración escolar, fomentando que as relacións entre iguais sexan máis satisfactorias e con actuacións orientadas á mellora do clima e da cultura do centro respecto da convivencia, conflito e violencia...

Resp. Dirección, Xefatura de Estudos, Titores e Orientación.

Temp. Segundo programación do PAT.

## 6. Medidas correctoras.

- o) **Corrección de condutas contrarias á convivencia.**

Resp. Titores e profesorado.

Temp. Sempre que sexa necesario.

- p) **Mediación e procedementos conciliados.**

Resp. Orientación e Dirección.

Temp. Sempre que sexa necesario.

- q) **Corrección de condutas e procedemento común.**

Resp. Dirección, Xefatura de Estudos e Titores.

Temp. Sempre que sexa necesario.

### 9.4. AVALIACIÓN DA CONVIVENCIA

| Criterios  | Algúns aspectos que hai que considerar   |
|--|--|
| 1. Evolución do número, tipo e gravidade dos conflitos respecto do curso anterior. | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Existen informes anuais nos que se recollan clasificados os conflitos detectados?</li> <li>- Como se considera a evolución do número, tipo e gravidade dos conflitos respecto do curso anterior?</li> <li>- Os obxectivos do plan de convivencia determínanse a partir de informes anuais e outras evidencias contrastables?</li> </ul>   |
| 2. Alcance do plan de convivencia.   | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Recolle valores e actitudes (acollida, coeducación, competencia social, comunicación, educación emocional, educación para a paz, inclusión, mediación, símbolos identitarios)?</li> <li>- Recolle resolución de conflitos (absentismo, conflitos leves, conflitos graves)?</li> <li>- Afecta á organización escolar (estrutura e xestión dos recursos, participación, normas)?</li> </ul>                     |
| 3. Cumprimento dos obxectivos propostos no plan de convivencia.                    | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Alcanzáronse os obxectivos propostos no plan de convivencia?</li> <li>- O plan de convivencia deu resposta a aspectos que inciden na convivencia escolar nos tres ámbitos de actuación (aula, centro e contorno)?</li> </ul>  |
| 4. Renovación do plan de convivencia.  | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Existe un procedemento de renovación anual do plan de convivencia?</li> <li>- O plan avalíase anualmente e fanse propostas de mellora?</li> </ul>   |
| 5. Desenvolvemento das actividades incluídas no plan de convivencia                | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Faise un seguimento periódico do plan?</li> <li>- As actividades desenvolvéronse coa temporalización prevista?</li> <li>- O desenvolvemento das actividades produciu os efectos esperados?</li> </ul>   |
| 6. Implicación no plan dos diferentes sectores da comunidade educativa.            | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Cal é o grao de implicación do profesorado na prevención e resolución de conflitos?</li> <li>- Cal é o grao de implicación do persoal de administración e servizos na prevención e resolución de conflitos?</li> <li>- Implicouse o alumnado nas actuacións de mediación?</li> <li>- Cal foi o grao de colaboración das familias nas diferentes actuacións de corrección levadas a cabo no centro?</li> </ul> |
| 7. Funcionamento da comisión de convivencia do centro.                             | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Cantas veces se reuniu ao longo do curso?</li> <li>- Cales foron os principais temas tratados?</li> <li>- Realizou o seguimento do plan de convivencia?</li> <li>- Colaborou na planificación de medidas Preventivas e na resolución de conflitos no centro?</li> </ul>   |



| Criterios  | Algúns aspectos que hai que considerar   |
|--|--|
| 8. Coordinación dos órganos do centro para a mellora da convivencia.   | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Existe a figura de coordinador da convivencia no centro?</li> <li>- Dáse resposta ás súas necesidades formativas?</li> <li>- Cal foi a colaboración do/a xefe/a de estudos, dos/as titores/as e da comisión de coordinación pedagóxica co departamento de orientación no desenvolvemento das actividades previstas no plan de convivencia?</li> <li>- Cal foi a colaboración do/a xefe/a de estudos, dos/as titores/as e da comisión de coordinación pedagóxica co departamento de orientación no desenvolvemento na aplicación do plan de acción tutorial?</li> <li>- Cal foi o grao de colaboración e coordinación do departamento de orientación e o EOE?</li> </ul> |
| 9. Actividades formativas á comunidade educativa para mellora da convivencia.  | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Realizáronse actividades formativas dirixidas á mellora da convivencia?</li> <li>- Cal foi a resposta e a implicación nas actividades dos diferentes sectores da comunidade educativa?</li> </ul>   |
| 10. Existencia, e coñecemento, de protocolos propios de actuación en situacións de conflito, incluíndo condutas reprobables acaecidas fóra das aulas, en función de características específicas. | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Existen protocolos claros e definidos de actuación?</li> <li>- Recóllense nestes os documentos nos que o profesorado formalice por escrito os feitos constatados?</li> <li>- Existe un procedemento de actualización dos protocolos?</li> <li>- Os ditos protocolos son coñecidos e as versións actualizadas están á disposición de todos os membros da comunidade educativa afectados por eles?</li> </ul>   |
| 11. Existencia, e coñecemento, de protocolos de actuación encamiñados á detección, prevención e tratamento de situacións de acoso.   | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Existen protocolos claros e definidos de actuación?</li> <li>- Inclúen estes protocolos o illamento ou baleiro social e o acoso informático?</li> <li>- Recóllense neles os documentos nos que o profesorado formalice por escrito os feitos constatados?</li> <li>- Os ditos protocolos son coñecidos por todos os membros da comunidade educativa?</li> <li>- A dirección do centro nomea a unha persoa responsable da atención á vítima?</li> </ul>  |
| 12. Existencia dun protocolo de funcionamento da aula de convivencia inclusiva.  | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Existe un protocolo?</li> <li>- Hai profesorado nomeado especificamente para a organización e atención da aula de convivencia?</li> <li>- Está elaborado, e utilízase na aula de convivencia, un programa de habilidades sociais?</li> </ul>  |
| 13. Existencia de procedementos conciliados de resolución dos conflitos.   | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Existe máis dun procedemento conciliado de resolución de conflitos de convivencia?</li> <li>- O alumnado e as familias solicitan utilizar procedementos conciliados?</li> <li>- Cando se utilizaron os ditos procedementos, favoreceron a resolución do conflito?</li> </ul>  |

| Criterios  | Algúns aspectos que hai que considerar   |
|--|--|
| <p>14. Existencia, e coñecemento, de propostas de acción específicas encamiñadas a favorecer a inclusión, así como a mellora da convivencia a través do éxito académico.</p> | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Existen protocolos de actuación ante o absentismo e o abandono escolar temperán?</li> <li>- Existen mecanismos de detección temperá nos casos de desatención familiar ou situacións externas ao centro que teñan repercusión sobre a escolarización do alumnado?</li> <li>- Entre os obxectivos do plan de convivencia recóllese favorecer os cambios metodolóxicos que potencien o éxito académico?</li> <li>- Demandáronselles propostas de actuación para a mellora do éxito académico aos departamentos didácticos e á comisión de coordinación pedagóxica?</li> <li>- Os departamentos didácticos e a comisión de coordinación pedagóxica fixeron propostas neste sentido?</li> <li>- Desenvolvéronse accións específicas encamiñadas a favorecer a inclusión e a mellora da convivencia a través do éxito académico?</li> </ul> |
| <p>15. Existencia dun programa específico para o desenvolvemento da competencia social e cidadá.</p>   | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Está elaborado o programa de habilidades sociais?</li> <li>- Trátase de forma transversal a competencia social e cidadá?</li> <li>- Elabóranse programas nos que se traten contidos como aprender a pensar, educación emocional, educación en valores e habilidades sociais?</li> </ul>   |
| <p>16. Valoración global da situación da situación da convivencia escolar no centro.</p>   | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Establecéronse mecanismos para medir o grao de satisfacción da comunidade educativa coa situación da convivencia no centro?</li> <li>- Cal é o grao de satisfacción da comunidade educativa en relación coa convivencia no centro?</li> <li>- Cales son as principais propostas de continuidade e mellora?</li> </ul>   |

## 9.5. PROGRAMA DA AULA DE CONVIVENCIA

### 1. Situación da aula e horario de atención.

A aula de convivencia está situada na aula 103.

Será atendida polo profesorado de garda para a supervisión do traballo realizado por parte dos alumnos ou alumnas que sexan derivados á mesma de xeito puntual por parte do profesorado de aula ante conductas disruptivas que afecta ao proceso de ensino-aprendizaxe do grupo.

Igualmente para a supervisión das tarefas educativas a realizar polo alumnado que foi derivada á mesma por parte de dirección como corrección de conductas leves as normas de convivencia, fundamentalmente tras acumulación reiterada de conductas disruptivas no último mes.

### 3. Recursos Materiais.

Dispón de oito mesas para o alumnado con 8 cadeiras, mesa do profesor e cadeira, armario para arquivo de material, taboleiro, papeleira e un ordenador.

Garántese en todo momento a distancia de seguridade de 1,5m. En calquera caso o alumnado será situado procurando ter o máximo distanciamento

Asemade, dispón do seguinte material didáctico e pedagóxico:

- Regulamento da aula de convivencia.
- Fichas de reflexión e compromiso.
- Programas de habilidades sociais.
- Normas de convivencia do centro.
- Fichas para tarefas das materias de: Bioloxía e Xeoloxía, Inglés, Matemáticas.
- Dicionarios de Lingua Galega, Lingua Castelán e Inglés.
- Libros de lectura.

## 10. PROGRAMA DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

### 10.1. ACTIVIDADES PROMOVIDAS POLO EQUIPO DOCENTE

Para o curso 2021 – 2022 iranse retomando as actividades complementarias e extraescolares segundo a situación de pandemia Covid-19 así o permita. Ditas actividades serán incluídas na Programación Xeral Anual, e estarán condicionadas a evolución da situación sanitaria así como as restricións que poida haber, a nivel de localidade e a nivel das propias actividades.

| <b>Actividades - 1ºESO</b>                              | <b>Tipo de actividade</b> | <b>Depto</b> | <b>Temp</b> |
|---|---------------------------|--------------|-------------|
| Charla de divulgación científica UDC                    | No centro                 | CCNN         | 2º, 3º trim |
| Obradoiro de máscaras africanas                         | No centro                 | AAPP         | 2º trim     |
| Educación emocional                                     | No centro                 | ORI          | 1º trim     |
| A rede e as súas redes                                  | No centro                 | ORI          | 2º trim     |
| A que tren te sobes                                     | No centro                 | ORI          | 3º trim     |
| Visita guiada á biblioteca Miguel González Garcés       | Saída                     | LCL          | 1º trim     |
| Actuación de Zénzar. Progrma falamos do Concello        | No centro                 | EDLG         | 1º trim     |
| Iniciación á escalada en rocódromo                      | Saída                     | EF           | 2º trim     |
| Visita ao castro de Elviña                              | Saída                     | XeH          | 3º trim     |
| <b>Actividades - 2ºESO</b>                              | <b>Tipo de actividade</b> | <b>Depto</b> | <b>Temp</b> |
| Roteiros literarios: Pondaliano, Rosaliano e Oteriano   | Saída                     | LGL          | 3º trim     |
| Participación no Correlingua e no concurso do manifesto | Saída                     | LGL          | 3º trim     |
| Prevención de adiccións, internet e xogo                | No centro                 | ORI          | 1º trim     |
| Acoso escolar   | No centro                 | ORI          | 2º trim     |
| Educación afectivo-sexual                               | No centro                 | ORI          | 3º trim     |
| Día contra a violencia de xénero                        | No centro                 | EDLG         | 1º trim     |
| Iniciación ao surf                                      | Saída                     | EF           | 3º trim     |
| Coñece a cidade medieval                                | Saída                     | XeH          | 3º trim     |
| <b>Actividades - 3ºESO</b>                              | <b>Tipo de actividade</b> | <b>Depto</b> | <b>Temp</b> |
| Charla de divulgación científica UDC                    | No centro                 | CCNN         | 2º, 3º trim |
| Roteiros literarios: Pondaliano, Rosaliano e Oteriano   | Saída                     | LGL          | 3º trim     |
| Século XX. Museo de Belas Artes                         | Saída                     | AAPP         | 2º trim     |
| Obradoiro de recreación histórica de Roma               | No centro                 | XeH          | 3º trim     |
| Violencia de xénero                                     | No centro                 | ORI          | 1º trim     |
| Prevención, abordaxe e xestión de conflitos             | No centro                 | ORI          | 2º trim     |
| Todos contamos  | No centro                 | ORI          | 3º trim     |

|   |                           |              |             |
|---|---------------------------|--------------|-------------|
| Charla científica divulgativa “xogamos cos sólidos.liqu.gas.” | No centro                 | FeQ          | 2º trim     |
| Obradoiro de xornalismo                                       | No centro                 | LCL          | 3º trim     |
| Día de Rosalía  | No centro                 | EDLG         | 2º trim     |
| Kayak e piragüismo en Oza                                     | Saída                     | EF           | 3º trim     |
| <b>Actividades - 4ºESO</b>                                    | <b>Tipo de actividade</b> | <b>Depto</b> | <b>Temp</b> |
| Charla de divulgación científica UDC                          | No centro                 | CCNN         | 2º, 3º trim |
| Roteiros literarios: Pondaliano, Rosaliano e Oteriano         | Saída                     | LGL          | 3º trim     |
| Participación no Corre lingua e no concurso do manifesto      | Saída                     | LGL          | 3º trim     |
| Museo de Belas Artes. Sala Goya                               | Saída                     | AAPP         | 1º trim     |
| Vista e adestramento en ximnasio McFit                        | Saída                     | EF           | 1º trim     |
| Visita ao museo de Emilia Pardo Bazán e RAG                   | Saída                     | EDLG,LC      | 2º trim     |
| Xornadas de orientación académica                             | Saída                     | ORI          | 3º trim     |
| Alimentación saudable   | No centro                 | ORI          | 1º trim     |
| Taller afectivo-sexual  | No centro                 | ORI          | 2º trim     |
| Prevenición no uso de internet                                | No centro                 | ORI          | 3º trim     |
| Bullying e ciberacoso   | No centro                 | ORI          | 3º trim     |
| Visita ao campus  | Saída                     | ORI          | 2º trim     |
| Senderismo e parque acuático                                  | Saída                     | EF           | 3º trim     |
| Proxecto artístico a través da exposición fot. Untold St.     | No centro                 | AAPP         | 2º trim     |
| Charla divulgativa “cuestión de tamaño”                       | No centro                 | FeQ          | 3º trim     |
| <b>Actividades - TODOS OS NIVEIS</b>                          | <b>Tipo de actividade</b> | <b>Depto</b> | <b>Temp</b> |
| Representación teatral en lingua galega                       | Saída                     | EDLG         | 1º trim     |
| Antenas de información xuvenil                                | No centro                 | ORI          | Anual       |
| Representación teatral castelán                               | Saída                     | LCL          | 2º trim     |
| Celebración do día da poesía                                  | No centro                 | LCL          | 2º trim     |
| Comemoración do día do libro                                  | No centro                 | LCL          | 3º trim     |
| O museo do Otero no plan proxecta                             | No centro                 | LCL          | Anual       |
| Certame de relatos de terror – Samaín 2021                    | No centro                 | EDLG         | 1º trim     |
| Concurso de decoración de Aulas Samaín 2021                   | No centro                 | EDLG         | 1º trim     |
| Día da poesía   | No centro                 | EDLG         | 2º trim     |
| Concurso de postais de nadal 2021-22                          | No centro                 | EDLG         | 1º trim     |
| Xornada de xogos populares e multideporte                     | No centro                 | EF           | 1º trim     |
| Xornadas de acollida  | No centro                 | ORI          | 2º trim     |
| Plan director para a convivencia e a mellora da seguridade    | No centro                 | DIR          | 2º trim     |
| Coñece o meu club   | No centro                 | EF           | Anual       |
| Encontro con escritores                                       | No centro                 | LGL          | Anual       |
| Obras de teatro en galego                                     | Saídas                    | LGL          | Anual       |
| Actividades de animación á lectura e Contacontos              | No centro                 | LGL          | Anual       |

## 10.2. ACTIVIDADES ANPA

A asociación de nais e pais de alumnado ABRENTE, non promove neste curso actividades extraescolares.

## 10.3. ACTIVIDADES ASOCIACIÓNS DEPORTIVAS

Estase pendente de renovar o acordos e convenios co Club Básquet Coruña que viñan facendo uso do pavillón para a realización de actividades deportivas previa solicitude de autorización polo Consello Escolar e a Xefatura Territorial.

### **Sociedad deportiva BASQUET CORUÑA.**

- Actividade: Adestramentos de baloncesto.
- Horario: Luns, martes e xoves de 18.30-21.30, mércores 18.30-20.00h.
- Período: Xaneiro a xuño.
- Responsable: Rubén Vázquez López.

Calquera outra aceptación de uso será de acordo aos termos marcados na solicitude e o compromiso a respectar as normas de utilización do local/instalación, responsabilizándose dos gastos derivados do desenvolvemento da actividade e de calquera dano que se puidera causar aos locais, así como os custes do servizo de conserxería fóra do horario de apertura do centro.

En ningún caso se asinarán convenios de uso a entidades ou particulares con ánimo de lucro.

## 11. ADDENDA AO PROXECTO LINGÜÍSTICO

### 11.1. DISTRIBUCIÓN LINGÜÍSTICA DAS MATERIAS 2021-22

| 1º ESO          | GALEGO                                   | CASTELÁ   | OUTRA   |               |                                    |      |
|-----------------|--|-----------|---|---------------|------------------------------------|------|
| Comúns          | L.Galega e Literatura                    | 4         | L.Castelá e Literatura                                      | 4             | 1ª LE Inglés                       | 3    |
|                 | Bioloxía e Xeoloxía                      | 4         | Matemáticas   | 5             | 2ª LE Francés                      | 2    |
|                 | Xeografía e Historia                     | 3         | Ed.Plástica, Visual e Audiov.                               | 2             | Sec.Bilingüe EPVA                  | 2    |
|                 | Educación Física                         | 2         | Relixión / Valores éticos                                   | 1             | Sec.Bilingüe EF                    | 2    |
| Optativa        | Afondamento EF                           | 1         |   |               | Afondamento ING                    | 2    |
|                 |  | 10-14     |   |               | 10-12                              | 0-11 |
| 2º ESO          | GALEGO                                   | CASTELÁ   | OUTRA   |               |                                    |      |
| Comúns          | L.Galega e Literatura                    | 3         | L.Castelá e Literatura                                      | 3             | 1ª LE Inglés                       | 3    |
|                 | Xeografía e Historia                     | 3         | Física e Química  | 3             | 2ª LE Francés                      | 2    |
|                 | Música                                   | 2         | Matemáticas   | 5             |                                    |      |
|                 | Educación Física                         | 2         | Tecnoloxía  | 3             |                                    |      |
|                 | Relixión / Valores éticos                | 1         |   |               |                                    |      |
| Optativa        | Oratoria<br>P.E.V.Saudables<br>Igualdade | 1         |   |               |                                    |      |
|                 |  | 12        |   |               | 14                                 | 5    |
| 3º ESO          | GALEGO                                   | CASTELÁ   | OUTRA   |               |                                    |      |
| Comúns          | L.Galega e Literatura                    | 3         | L.Castelá e Literatura                                      | 3             | 1ª LE Inglés                       | 3    |
|                 | Bioloxía e Xeoloxía                      | 2         | Física e Química  | 2             |                                    |      |
|                 | Xeografía e Historia                     | 3         | Matemáticas Acad./ Aplicadas                                | 4             |                                    |      |
|                 | Ed.Plástica, Visual e Audiovisu.         | 2         | Tecnoloxía  | 2             |                                    |      |
|                 | Música                                   | 2         | Relixión / Valores éticos                                   | 1             |                                    |      |
|                 | Educación Física                         | 2         |   |               |                                    |      |
| Optativa        |  | C.Clásica | 2   | 2ª LE Francés | 2                                  |      |
|                 |  | 14        |   |               | 12-14                              | 3-5  |
| 4º ESO          | GALEGO                                   | CASTELÁ   | OUTRA   |               |                                    |      |
| Comúns          | L.Galega e Literatura                    | 3         | L.Castelá e Literatura                                      | 3             | 1ª LE Inglés                       | 3    |
|                 | Xeografía e Historia                     | 3         | Matemáticas Acad./ Aplicadas                                | 4             |                                    |      |
|                 | Educación física                         | 2         | Relixión / Valores éticos                                   | 1             |                                    |      |
| Op. Ciencias    | Bioloxía e Xeoloxía                      |           | Física e Química  |               |                                    |      |
| Op. Humanidades | Economía                                 | 3         | Latín   | 3             |                                    |      |
| Op. Aplicadas   | I.A.E.E.                                 |           | Tecnoloxía  |               |                                    |      |
| Optativa 1      | Ed.Plástica, Visual e Audiov.            | 3         | Cultura Clásica<br>Artes Esc. e Danza<br>Cultura Científica | 3             |                                    |      |
| Optativa 2      | Música                                   | 3         |   |               | Sec. Bilingüe TIC<br>2ª LE Francés | 3    |
|                 |  | 11+17     |   |               | 11-14                              | 3+6  |

## 11.2. SECCIÓNS BILINGÜES

### 1. Seccións bilingües aprobadas.

Conforme á Resolución do 25 de abril de 2017 pola que se fixo pública a convocatoria para a incorporación de novas seccións bilingües en centros sostidos con fondos públicos de ensino non universitario para o curso 2017/18, o centro incorporou unha sección en lingua inglesa, na materia de TIC de 4º curso de ESO.

Conforme á Resolución do 12 de abril de 2019 pola que se fixo pública a convocatoria para a incorporación de novas seccións bilingües en centros sostidos con fondos públicos de ensino non universitario para o curso 2019/20, o centro incorporou dúas seccións (unha para cada grupo de alumnado) en lingua inglesa, nas materias de Educación Física e Educación Plástica Visual e Audiovisual, no 1º curso de ESO

Para non rachar co equilibrio entre os grupos de 1º de ESO, este ano o alumnado das seccións bilingües repártese a partes iguais entre os dous grupos de 1ºA (12) e 1ºB (13) de xeito que se se fan desdobre coa outra metade que non ten sección.

Na sección bilingüe de 4º temos igualmente conformados dos grupos de 4ºB (12) e 4ºC(10), limitados fundamentalmente polo aforo reducido da aula de informática para garantir as medidas Covid.

Neste curso **2021/2022**, configuramos as seguintes seccións bilingües.

| Materias    | Alumnos | Coordinador/a                  | Profesor/a                       |
|-------------|---------|--------------------------------|----------------------------------|
| EPVA 1º ESO | 25      | Arambillet Salvador, Esperanza | García Saavedra, Dolores Ángeles |
| EF 1º ESO   | 25      | Arambillet Salvador, Esperanza | Suárez Vázquez, José Carlos      |
| TIC 4º ESO  | 22      | Arambillet Salvador, Esperanza | Bort Couceiro, Juan José         |

### 2. Criterios de selección de acceso.

Na Concreción curricular e nas NOF do centro están previstos os seguintes criterios de prioridade que se aplicarán no caso de que a demanda supere as prazas ofertadas:

- 1.º Maior nota de inglés no curso académico anterior.
- 2.º Maior nota media no curso académico anterior.
- 3.º Os empates dirimiranse por sorte entre os afectados.

Este curso foi necesario aplicalas en 1º de ESO xa que houbo unha petición superior. As listaxes de admitidos foron publicadas na web do centro. Os candidatos admitidos foron todos aqueles que tiñan unha nota en inglés en 6º de EP igual ou superior a 9.

### 3. Auxiliar de conversa.

A persoa auxiliar de conversa incorporárase ao centro o 1 de outubro de 2021 e cesará nas súas funcións o 31 de maio de 2021, neste curso foi nomeado:

**D. Francisco Sánchez** de nacionalidade **Americana**.

O auxiliar de conversa asistirá ao profesorado CLIL, con prioridade, e profesorado especialista de linguas estranxeiras as súas funcións específicas irán fundamentalmente encamiñadas a reforzar as destrezas orais do alumnado. As tarefas da persoa auxiliar están especificadas na Guía de auxiliar de conversa 2021-2022.

O seu coordinador será **Arambillet Salvador, Esperanza** que como tal será a persoa de referencia para a orientación e supervisión do seu traballo.



O seu horario semanal por un total de 16h será de o que segue:

| Hora        | Luns                | Martes      | Mércores            | Xoves       | Venres |
|-------------|---------------------|-------------|---------------------|-------------|--------|
| 8.45-9.35   | Art – 1ºA           |             |                     | Art – 1ºB   |        |
| 9.35-10.25  |                     |             |                     | ICT – 4ºC   |        |
| 10.25-11.15 | Coord./ Class prep. |             | ICT – 4ºB           | English 1ºC |        |
| 11.45-12.35 | English 4ºC         | English 1ºB | Coord./ Class prep. |             |        |
| 12.35-13.25 | English 4ºA         | English 4ºB |                     | English 1ºE |        |
| 13.25-14.15 |                     | P.E. – 1ºA  | P.E. – 1ºB          |             |        |
| 16.20-17.10 |                     | English 1ºD |                     |             |        |
| 17.10-18.00 |                     | English 1ºA |                     |             |        |

#### 4. Seguimento.

Segundo a normativa vixente, o coordinador da sección levantará acta semanal da reunión de coordinación coa persoa auxiliar e o profesorado AICLE/CLIL segundo o horario anterior.

Trimestralmente incluírase unha acta na que se valorará a marcha de sección durante ese período, incluíndo valoración de resultados coa incidencia nestes do desenvolvemento do proxecto.

#### 5. Avaliación e memoria.

Na avaliación final de curso, elaboraranse os seguintes documentos que se remitirá á Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.:

- Memoria do profesorado AICLE/CLIL.
- Memoria sobre a actuación da persoa auxiliar de conversa realizada pola persoa coordinadora do programa no centro co visto e prace da persoa directora.
- Memoria realizada pola persoa auxiliar de conversa sobre a súa experiencia.

Así mesmo, estas memorias incorporaranse á Memoria Xeral Anual.

### 11.3. ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

Achégase como anexo a programación do EDLG no que se incorporan as actividades para o fomento e dinamización da lingua galega.

Na memoria anual xa se incluíu a memoria do equipo sobre o seu programa de actividades levado a cabo no curso anterior

## **12. PLAN DE FORMACIÓN DO PROFESORADO**

Estanse a desenvolver dous grupos de traballo para a mellora da competencia dixital do profesorado do centro ao mesmo tempo que se se está a desenvolver o Proxecto Dixital do centro.

### **Elaboración Plan Dixital do Centro (20h)**

10 profesores.

### **Enriquecemento da aula virtual (20h)**

9 profesores

Ademais dende aula virtual do centro mantéñense en aberto, dentro da categoría Formación Abalar e TIC, os seguintes cursos para a actualización no uso das ferramentas dixitais :

- Exe-learning
- Máquina virtual
- Webquests
- Guía programas CAD
- Ferramentas web 2.0
- Aplicación de xestión de recursos educativos
- Moodle, introdución ás Aulas Virtuais
- Introducción a GIMP. Fotografía dixital
- Drupas. Introducción ás webs dinámicas
- Formación profesorado ABALAR
- Abalar familias e alumnos

Numerosos profesores participan nas actividades do Plan Anual de Formación do Profesorado 2021-22 ofertado pola Consellería de Educación.

## **13. PLANS PROXECTA**

Estanse a desenvolver dous plans no centro:

### **Proxecto didáctico Antonio Fraguas**

7 profesores – dirixido ao alumnado de 1º e 3º de ESO

### **Proxecto de vida activa e deportiva (PVAD)**

6 profesores – dirixido a todo o alumnado

## **14. ANEXOS Á P.X.A.**

### **PROXECTOS E PLANS ANUAIS**

1. Plan TIC.
2. Plan anual de lectura.
3. Programación anual da biblioteca escolar.
4. Proxecto de Club de lectura.
5. Plan anual de actividades para o fomento da LG.
6. Programa de orientación (PAD, PAT e Plan Orientación Acad. e Prof.).
7. Programa de actividades complementarias e extraescolares.
8. Proxecto de formación do profesorado (grupos de traballo).
9. Plans Proxecta ( Proxecto didáctico Antonio Fraguas e PVAD).
10. Plan de mellora de bibliotecas escolares.